

# Resolución de concesión de axuda

CONVOCATORIA 2022 DAS AXUDAS ÁS AGRUPACIÓNS EMPRESARIAIS (CLÚSTERS) INNOVADORAS NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

## 1. Antecedentes:

Por Resolución do 29 de novembro de 2021 (DOG núm. 236, do 10 de decembro) publicáronse as bases reguladoras das axudas ás agrupacións empresariais (clústers) innovadoras na Comunidade Autónoma de Galicia e procedeuse á súa convocatoria en réxime de concorrencia competitiva.

Para a avaliación das 13 solicitudes presentadas aplicouse o seguinte baremo xeral establecido no artigo 6.5 das bases reguladoras da axuda:

1º Importancia do ámbito da actividade na economía galega: a partir do requisito mínimo do 1% establecido no artigo 4.1.d): 1 punto por cada 0,2% adicional de facturación conxunta sobre o PIB galego ata un máximo de 10 puntos.

2º Fortaleza da entidade clúster: número de empresas asociadas galegas ou con centro de traballo en Galicia sobre o total de empresas do ámbito de actividade en Galicia. A partir do requisito mínimo do 10% establecido no artigo 4.1.f).2º: 1 punto por cada 5% adicional ata un máximo de 10 puntos.

3º Capacidade de dinamización das empresas asociadas: asignarase un máximo de 10 puntos, de acordo coa expresión  $(P-50\%)*20$ , onde P e a porcentaxe de empresas asociadas que participaran en, polo menos, unha das actividades organizadas polo clúster no ano anterior ao da solicitude da axuda: xornadas, presentacións, foros, conferencias, feiras, congresos e outros eventos e reunións, incluída a asemblea xeral. Se esta expresión é negativa, asignarase 0 puntos.

4º Capacidade de mobilización de proxectos. Teranse en conta os proxectos promovidos ou nos que fora participante a entidade clúster no último exercicio. Outorgarase un punto por proxecto no que só participe a entidade clúster e 2 por cada proxecto no que tamén participen empresas asociadas ata un máximo de 10 puntos.

5º Posuír a etiqueta Gold de excelencia na xestión de clúster acreditada pola ESCA (European Secretariat for Cluster Analysis) en vigor ou estar inscrita no Rexistro de AEI (Agrupacións Empresariais Innovadoras) dentro do programa de excelencia do Ministerio de Industria, Comercio e Turismo: 50 puntos. Só se valorará este apartado para os solicitantes que accedan á condición de beneficiario cumprindo as condicións do artigo 4.1

6º Contribución da carteira de proxectos requiridos no artigo 1 aos obxectivos estratéxicos da Axenda de Competitividade nos ámbitos de a) reforzo das persoas e das organizacións, b) crecemento empresarial, c) innovación e d) expansión de mercados e internacionalización; e cos retos da RIS3 de Galicia: xestión innovadora de recursos naturais e culturais, o modelo industrial da Galicia do futuro e novo modelo de vida saudable baseado no envellecemento activo. Concederase 1 punto por cada actuación a desenvolver no eido dun obxectivo estratéxico ou dun reto da RIS3 ata un máximo de 10 puntos.

No caso de empate nas puntuacións, para desempatar terase en conta a maior puntuación obtida nos criterios 1º, 2º, 3º, 4º, 5º e 6º por esa orde. No caso de persistir o empate, terase en conta o número de expediente, que se outorgará segundo a data de presentación da solicitude.

Unha vez analizados conxuntamente os informes técnicos dos 13 proxectos presentados dentro do prazo establecido, tendo en conta a relación de solicitudes de axuda coa puntuación que lle corresponde a cada unha elaborada polo órgano avaliador en aplicación do anterior baremo, e confeccionada a relación definitiva de puntuacións outorgadas ás solicitudes, a Dirección da Área de Competitividade do Igape ditou a proposta de resolución correspondente á convocatoria de AXUDAS ÁS AGRUPACIÓNS EMPRESARIAIS (CLÚSTER) INNOVADORAS NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA, con data 14/07/2022.

## 2. Resolvo:

**Primeiro.** Aprobar a concesión das subvencións aos 11 beneficiarios que figuran no Anexo I, para os proxectos e polos importes que se citan, con indicación da puntuación alcanzada por cada un deles e que supoñen un total de 1.994.548,49 euros.

Todas as solicitudes para as que se propón a concesión da subvención cumpren os requisitos establecidos nas correspondentes bases da convocatoria.

**Segundo.** Denegar as 1 solicitudes presentadas polos interesados que se sinalan no anexo II polas causas sinaladas no mesmo.

**Terceiro.** Arquivar sen máis trámite as 1 solicitudes relacionadas no anexo III polas causas sinaladas no mesmo.

**Cuarto.** Aprobar as condicións particulares para cada beneficiario derivadas das bases da convocatoria de axuda e dos informes técnicos que se establecen en documentos anexos,

**Quinto.** Publicar a resolución no *Diario Oficial de Galicia* e na páxina web do Igape no enderezo <https://www.igape.gal/gl/oficinavirtual> (apartado "Resolucións definitivas" <https://www.igape.gal/gl/resoluciones-definitivas>), de acordo co establecido no artigo 13.3 das bases reguladoras.

Habílitase un prazo de 10 días naturais para que os interesados accedan á Oficina virtual do Igape no citado enderezo <https://www.igape.gal/gl/resoluciones-definitivas>, utilizando o seu NIF e o código IDE do expediente, e descarguen a súa resolución individual.

## 3. Recursos:

As resolucións individuais esgotan a vía administrativa e contra elas poderá interpoñerse un recurso contencioso-administrativo ante os xulgados do contencioso-administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao acceso á resolución individual, ou desde que se entenda rexeitada polo transcurso de dez días naturais desde a súa posta a disposición sen que se accedera ao seu contido. Non obstante, previamente poderá interpoñer un recurso de reposición ante a persoa titular da Dirección Xeral do Igape, dentro do prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao acceso á resolución individual, ou desde que se entenda rexeitada polo transcurso de dez días naturais desde a súa posta a disposición sen que se accedera ao seu contido.

## Sinatura da resolución:

ÓRGANO EMISOR	TITULAR	LUGAR DE EMISIÓN	DATA
O director xeral do Igape	Fernando Guldrís Iglesias	Santiago de Compostela	A indicada no pé de páxina

## ANEXO I

### Axudas concedidas

CONVOCATORIA 2022 DAS AXUDAS ÁS AGRUPACIÓNS EMPRESARIAIS (CLÚSTERS) INNOVADORAS NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

Expediente núm.	Titular	Puntuación	Prazo de execución	Prazo de xustificación	Importe subvencionable	% de subvención	Subvención
IG193.2022.1.1	FUNDACIÓN CLUSTER EMPRESAS DE AUTOMOCIÓN DE GALICIA ( CEAGA) (G36983575)	100,00	15/10/2024	15/11/2024	1.173.980,95	50,00	586.990,48
IG193.2022.1.11	ASOCIACION CLUSTER DEL NAVAL GALLEGO (G15710338)	94,00	15/10/2024	15/11/2024	421.775,93	50,00	210.887,97
IG193.2022.1.3	ASOCIACION CLUSTER ALIMENTARIO DE GALICIA (G27407212)	87,00	15/10/2024	15/11/2024	313.770,26	50,00	156.885,13
IG193.2022.1.4	ASOCIACIÓN CLUSTER DA MADEIRA DE GALICIA (G32290439)	85,00	15/10/2024	15/11/2024	364.065,43	45,03	163.929,45
IG193.2022.1.2	CLUSTER DO AUDIOVISUAL GALEGO (G15891260)	81,00	15/10/2024	15/11/2024	244.542,96	40,12	98.117,18
IG193.2022.1.6	CLUSTER DE LA ACUICULTURA DE GALICIA (G36884260)	49,00	15/10/2024	15/11/2024	488.762,42	50,00	244.381,22
IG193.2022.1.7	CONFEDERACIÓN INDUSTRIAS TEXTILES DE GALICIA (G36681039)	42,00	15/10/2024	15/10/2024	116.850,43	41,03	47.940,18
IG193.2022.1.12	ANFACO (G36625309)	33,00	15/10/2024	15/11/2024	572.781,57	50,00	286.390,79



Expediente núm.	Titular	Puntuación	Prazo de execución	Prazo de xustificación	Importe subvencionable	% de subvención	Subvención
IG193.2022.1.8	CLÚSTER DA COMUNICACIÓN DE GALICIA (G70115282)	32,00	15/10/2024	15/11/2024	184.950,81	40,07	74.115,32
IG193.2022.1.10	ASOCIACIÓN CLUSTER DEL GRANITO (G36644961)	31,00	15/10/2024	15/11/2024	194.644,58	50,00	97.322,29
IG193.2022.1.9	CLUSTER SAÚDE DE GALICIA CSG (G70308143)	30,00	31/01/2022	28/02/2022	61.174,40	45,10	27.588,48

<b>TOTAL:</b> <b>1.994.548,49</b>
--------------------------------------

## ANEXO II

### Axudas denegadas

CONVOCATORIA 2022 DAS AXUDAS ÁS AGRUPACIÓNS EMPRESARIAIS (CLÚSTERS) INNOVADORAS NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

Expediente núm.	Titular	Motivo de denegación
IG193.2022.1.5	Asociación para la Digitalización de la Industria de Galicia, DIHGIGAL (G27877166)	<p>Denegar: Incumplimento do artigo 4. Beneficiarios =&gt;</p> <p>O artigo 4.1 das bases reguladoras establece as condicións que deben cumprir as agrupacións empresariais (clústers) innovadoras para ser beneficiarias da convocatoria. Entre as condicións establecidas indícase:</p> <p>f) Que teñan como socios directos un número de empresas que cumpra cando menos con dous dos tres seguintes requisitos:</p> <ul style="list-style-type: none"><li>1º. 30% da facturación da ámbito de actividade englobado.</li><li>2º. 10% das empresas do ámbito da actividade.</li><li>3º. 20% do emprego do ámbito da actividade.</li></ul> <p>Alternativamente, o artigo 4.2 establece: "2. Tamén poderán ser beneficiarias as entidades que, sen cumprir calquera das condicións d), e), f) ou g) do punto anterior, teñan en vigor á data da solicitude o recoñecemento como AEI (agrupación empresarial innovadora) dentro do programa de excelencia do Ministerio de Industria, Comercio e Turismo ou ben que posúan a etiqueta Gold de excelencia na xestión de clústeres expedida pola ESCA (European Secretariat for Cluster Analysis)."</p>

Expediente núm.	Titular	Motivo de denegación
		<p>Tendo en conta todo o anterior:</p> <ol style="list-style-type: none"><li data-bbox="1310 448 2063 560">1. A asociación DIHGIGAL, está constituída por clústers consolidados e reporta como socios aos socios dos devanditos clústers. Non queda acreditado que os socios directos cumpran a condición establecida no artigo 4.1.f) das bases reguladoras da convocatoria.</li><li data-bbox="1310 592 2063 794">2. Non achega documentación acreditativa do recoñecemento como AEI en vigor á data da solicitude. Tras consulta ao Rexistro de Agrupacións Empresariais Innovadoras do Ministerio de Industria, Comercio e Turismo, verificase que a inscrición no devandito rexistro efectuouse con data 5 de febreiro de 2022, posterior á data de solicitude, polo que non tampouco queda acreditado o requisito establecido no artigo 4.2 das bases da convocatoria.</li></ol>

## ANEXO III

### Solicitudes archivadas

CONVOCATORIA 2022 DAS AXUDAS ÁS AGRUPACIÓNS EMPRESARIAIS (CLÚSTERS) INNOVADORAS NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

Expediente núm.	Titular	Motivo de arquivo
IG193.2022.1.13	CLUSTER TIC GALICIA (G70157581)	ARQUIVO POR SOLICITUDE SIN IDE OU CON IDE INCORRECTO